

O CANDIL

Novembro 1996

Nº 11



O SAN MARTIÑO (III)

Os alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu, por terceiro ano consecutivo sacamos O Candil á rúa para facer chegar, a quen desexe lembralo, parte do escrito nos xornais para estas festas patronais, por persoeiros e amigos de Bueu.

Os artigos aquí expostos están íntegros segundo os xornais en que foron recollidos; o único que fixemos foi seleccionalos e traducilos, sempre tratándose de manter aquelas palabras que a traducción deixaba máis preto da intención do autor. O soporte visual que ilustra os artigos é mestura do aparecido nos xornais, de fotografías da época e algúnha actual.

Unha vez máis, agradecer a tódos aqueles que constantemente nos animan a seguir por este vieiro que nos marcamos de amosar a cultura do noso pobo e felicitarnos pola grande demanda que de Bueu e de fora de Bueu se nos fai da nosa revista.

Para vindeiros San Martiños quixeramos que fose O Candil un foro onde se expuseran libremente as inquiredanzas de cada quen coas festas patronais, cos costumes, tradicións, labores, etc. pasadas ou recentes, desta época do ano. Para facer esto posible desde agora estamos abertos a recibir na dirección do Colexio (en man, por carta, fax,..) calquera traballo cun límite de tres follas por unha cara debidamente asinado e con enderezo de contacto.

***Lembranza sen acougo no pasado
que forxas vidas notadas no agora
para servir de amavía no magosto
e así xerar esperanzas no porvir.***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Equipo de Normalización Lingüística
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

AS FESTAS PATRONAIS

A sorrinte vila do Morrazo, ademais das festas estivais, celebra anualmente a súa festividade patronal. A tradición consagrou esta solemnidade no día de hoxe e Bueu tan amante do pasado como encariñado con tódolos progresos do presente, rende



veneración ó seu Patrón parroquial nestes momentos outonais, vestíndose de gala, como soubo render obediencia nos días estivais con alegres festexos á colonia estival que acude de ano en ano, en maior número a aquelas encantadoras praias a entreterse ante as grandiosidades da natureza.

Bueu, como a case totalidade das vilas e aldeas que poboan a península do Morrazo, vive principalmente das industrias derivadas do mar e deste extraen os seus laboriosos fillos os produtos que levan o pan e a alegría ós seus fogares, aínda que ás veces esa alegría e ese pan, veñen ameazadas con traxedias e lágrimas que enloitan modestos fogares.

O traballo intenso é o que principalmente caracteriza ós fillos de Bueu e ante o cumprimento desta lei imposta por Deus á Humanidade, que nos acobarda. E polo traballo, a sinforesca vila, vai cada día aumentando máis a súa riqueza, a súa poboación e o seu perfeccionamento material, contribuindo a isto moi especialmente a súa peculiar fisonomía, algo raro nestes tempos de perfeccionamento moral e cívico.

É que Bueu que ten abertas as súas portas a todo aire vivificador de fóra, pechounas sempre a tódolos vendavais destructores, das paixóns políticas e sociais.

Á sombra desta paz xeradora sempre de benestar, loita con fe e con valor o habitante de Bueu, co embravecido mar, arrincando do seu seo variedade de peixe que vai a fornecer ás fabricas, onde outros homes traballadores e a maioría mulleres, dedican as súas actividades á industria conserveira, que xa hoxe figura como unha das máis importantes de España. Puideran citarse como modelos de fábricas alí establecidas as dos señores Massó e Alonso, e os seus produtos teñen un extenso mercado no estranxeiro.

Siga, pois, Bueu polo camiño emprendido e axiña seguramente, colocarase ó nivel dos principais pobos costeiros da rexión. Teñen todo o que para iso necesita. Posuen os seus fillos as admirables virtudes da raza.

REMEMBRANZAS

Impresións da miña infancia, pasaxeiramente renovadas, despois dunha longuíssima ausencia, na cal coñecían os máis fermosos lugares de España e algúns do estranxeiro, tiveron recente confirmación de que, Bueu, é un dos máis fermosos puntos de vista, merecedor de xustificada predilección para os espíritos sensibles ás belezas da paisaxe e ás dozas dun ambiente apacible ó que apetezan verdadeiro descanso das refriegas da vida.



Francisco P. de la Cueva

Nada fala tan expresivamente e de modo tan saudable á intelixencia e ó corazón, como a diversidade e harmonía desa paisaxe de tan suave debuxo e reseca tintas, esfumadas en discretas e variantes luces que sen ocultar os contornos deixan presentir, tan amplas perspectivas ás creacións máis fantásticas que soñara a imaxinación. E todo iso disfrútase en plena paz, a modo, paseniñamente, oreado polas brisas confortantes do bosque e os areais, do agro e do mar.

Os que padezan a desgracia de ser insensibles a tantas cousas esplendidamente fermosas e sans, os que gusten da actividade do traballo, tamén encontrarán sitios axeitados ós seus desexos no desenvolvemento da industria do mar. Ó longo da dilatada e finísima praia de Bueu, poden visitar numerosas fábricas, verdadeiros laboratorios, de novas plantas, dedicados á preparación e transformación dos produtos do mar, con maquinaria e procedementos modernísimos e numerosos operarios, homes e mulleres, consagrados, en grave silencio e mantida atención, ó seu traballo, executado con esmerada limpeza. Verá tamén numerosos carpinteiros de ribeira, fabricación de redes e bocois e outras industrias, útiles e á vez pintorescas, establecidas a pleno aire ou en talleres amplos inundados de luz natural, exentos de sórdidas acumulacións, antipáticas á vista e nocivas á saúde e á moral do obreiro. Pode tamén recrear a vista e o cheiro en bosques e hortas, terras sometidas a un intenso cultivo dos máis diversos e apetecibles froitos.

Se o forasteiro é ocioso e falador non lle escaseará a conversación con xente sinxela, sen complicacións psicolóxicas, nin de ardente polémica, claro está; pero si de moi bo sentido, cortesía e amenidade, porque a xente de Bueu viaxou algo, especialmente por América e terán que contar de tipos, costumes e episodios curiosos.

E se o visitante fora lambón, poderá deleitar o seu padal cos ricos e sabrosos produtos do reino animal e das hortas abundantes, saboreando ademais, o viño da terra, sempre fresco, que sen chegar á embriaguez suxire unha alegría xubilosa e inocente; e se opta polos seres vivos da oceanografía, apuntará diariamente nos seus menús as excelentes calidades de ostras, vieiras, cangrexos, langostas, centolas, congros, salmóns, anguías.....o mar.

FRANCISCO PORTELA DE LA CUEVA
Málaga, Novembro de 1925

Faro de Vigo -11-11-1925, páx.2

CARA A UN VERDADEIRO PROGRESO

A insistentes requerimentos da boa amizade é improcedente negar o grao de area -siquera es-



V. Losada

te fora moi insignificante- que se me pide para a tarefa, moi simpática por certo, de formar unha coroa de gabanzas na honra da vila de Bueu, con motivo das súas festas patronais.

Gabanzas non fundadas no favor, máis ou menos disimulado, senón na máis estricta xustiza.

Esta base é apoio e alento para trazar unhas liñas, con aquela fin.

E ela, acompañada de ben intencionada vontade, suplirá a falla de dotes de escritor, que deberían constituír os valores cos que poder figurar menos indignamente, ó lado dos brilantes e laureados, que poñen as delicadezas e gallardías das súas plumas ó servicio da boa causa de Bueu.

Desde calquera punto de vista que se estudie este pobo, resulta sempre encantador.

A natureza amosouse con el extraordinariamente espléndida e suavemente melosa.

O mar, que baña a súa praia -graciosamente rizadas as súas ondas ou reciamente movidas por un vento purificador ou en plácida calma -é en todo momento obxecto que se leva en pos de si, as emocións máis gratas da alma.

Sobre todo, ese mar, nos aureolados solpores, que -ó despedirse- parece bicalo cos seus raios máis tenues e finos, ofrece un espectáculo tan soberanamente fermoso, que se os sentidos e o espírito quedan embebecidos e non saben desentenderse do purismo deleite da visión tan arroubadora, onde as súas pegadas amósanse rebeldes a desaparecer, aínda despois de que desaparecera a causa.

¿E que dicir da súa campiña, florecente en alto grao, ricamente exuberante en copia e variedade de froitos, maxestuosamente chea de árbores que van subindo, adornando, coroando ata os cumios as suaves e graduadas ladeiras, formadas por montóns de elegante corte, irreprochable esveltez e dilixentemente cultivados, que veñen a ser como baluartes defensores da rinte po-boación, recolléndoa e acariñándoa na súa base, como en mol e adornadísimo leito?.

Todo isto forma un conxunto magnífico, sobre toda ponderación. Nel destácanse a vila pintoresca, coas súas pulcra edificacións e as incontables branquisimas casiñas aldeás, que seme llan candísimas pombas esparcidas nun soberbio cadro de mil variados matices, sobre fondo de intenso verdor.

O pobo causa verdadeira admiración ó estranxeiro, abraiado ante fermosura tan grande, produce nos fillos desta terra, cada día e a pesar de contemplalo frecuentemente nova e agradabilísima sensación.

E, só con fundadísimo e sinxelo encomio tense dado o estupendo desenvolvemento, o brío e a perfección das industrias marítimas de Bueu; do aumento visible da súa frota pesqueira; do seu comercio amplísimo; dos seus múltiples e concurridísimos mercados; do notable crecemento da súa poboación; da orde e bo gusto que presiden nos seus edificios públicos e particulares; da cultura dos seus fillos; da bondade de carácter dos seus cidadáns; da relixiosidade e excelencia de costumes que forman a vida dos seus moradores e que transcende dos seus fogares e crean o ambiente da vila; do entusiasmo, incansable laboriosidade e cívicas virtudes con que traballan polo engrandecemento do pobo, cantos -nos distintos graos de directores ou dirixidos- son elementos integrantes do mesmo.

Pero, os lindes que debe ter este desaliñado traballo, impiden falar, con extensión, de asuntos da importancia que entrañan os indicados.

Sen embargo, non queremos rematalo, sen apuntar a consecuencia lóxica que -do estudio dos mesmos se desprende: "Un pobo das condicións envidiables de Bueu, camiña rápida e seguramente, á realidade do progreso máis prometedor".


V. LOSADA

Faro de Vigo, 11-11-1925, páx. 2



SAN MARTIÑO DE TOURS E A CONVERSIÓN

DOS SUEVOS



Marcelo Macías

A festividade de San Martiño de Tours trae á miña memoria un dos acontecementos máis gloriosos da historia patria, realizado na cidade de Ourense, corte á sazón dos Reis suevos. Refírome á conversión ó catolicismo do pobo suevo.

Enfermou o fillo do rei Charrarico da lepra que infestaba todo o reino, reuniu o Monarca ós seus cortesáns e díxolles: Aquel Martiño das Galias que din que resplandeciu en virtudes ¿De que relixión é? ¿Sabédelo?. E respondéronlle que gobernara o seu rei na fe católica. Enviou a Tours emisarios con tanta cantidade de ouro e de prata como pesaba o corpo do príncipe; para que o depositaran sobre a sepultura do Santo, pero os emisarios volveron sen acadar o que lles fora encomendado. E ó extinguirse no corazón do rei o amor á secta, Charrarico mandou entón a construción dun magnífico templo na súa honra e mandou de novo con moitos agasallos e as máis ricas prendas,

pregándolles que implorasen o perdón do santo con oracións e vixilias e que lle trouxeran algunha das reliquias. Facéndoo así, o fillo do rei recobrou a saúde e o pobo viuse ceibe da peste, polo cal, cando soubo que os emisarios chegaban a Ourense, Charrarico e o príncipe, o seu fillo, e os nobres saíron a recibilos e axeonllándose ante as reliquias do Santo, abandonaron a herexía arriana e confesaron as verdades da nosa sacrosanta relixión.

Así refíreo San Gregorio de Tours, no seu libro "*De miraculis Sancti Martini Turonensis*", e engade que cos comisionados arribou a Galicia un crego húngaro chamado Martiño (o Durmiense), o cal aproveitando a favorable emoción causada nas xentes polos milagres do Santo, combateu con tal elocuencia as doutrinas do arrianismo, que todo o pobo suevo, seguindo o exemplo do seu rei, abrazou a fe católica con tal decisión e firmeza, que se chegasen tempos de persecución todos correrían gozosos ó martirio.

E que a igrexa, Catedral Aumiense, glóriase de ter por titular e patrón ó benaventurado taumaturgo, que, soldado, nun rasgo de sublime caridade, compartiu ás portas de Amiens a súa comida cun mendigo e o bispo foi gloria das Galias e clarísimo ornamento da Igrexa.

A pesar da enorme transcendencia de tal providencial acontecemento na historia da Igrexa católica española, ¡que pouco aprecio fixeron del a maior parte dos nosos historiadores!. "O irritante e inxusto menosprezo -dicía eu en certa ocasión e práceme repetilo, que por longo tempo pesou como lousa de chumbo sobre esta fermosa rexión, alcanza tamén os feitos máis gloriosos da súa historia. Fai pouco celebrouse con toda pompa a conversión de Recaredo ¿quen se lembrou de Charrarico?. Con tal fausto motivo todos volveron os ollos á imperial Toledo; ninguén, ninguén pensou na cidade do Miño.

E, sen embargo, sen a conversión dos suevos, verificada trinta e seis anos antes que a dos godos, pode darse por seguro que non se realizaría a unidade relixiosa nacional. Sometido recentemente ó pobo suevo ó cetro dos godos pola victoriosa espada de Leovixildo, a sumisión non era completa como o proba a rebelión sofocada por Recaredo na Brarcarense, e se a isto lle sumamos as tentativas de restauración arriana de Sunna en Mérida, de Athaloco na Galia Narbonense e de Udila e Gosuinda, madrastra de Recaredo, no corazón mesmo da monarquía, convenceranse de que os suevos tratasen de sacudir o xugo, antes de seguir ó monarca godo no cambio de relixión.

Como esta, hai algunhas outras glorias galegas que reclaman serios estudos de investigación e crítica, ós cales debemos aplicarnos afanosamente os amantes de Galicia, para sacalas á luz, de maneira que se destaquen e brillen con todo o esplendor posible.

MARCELO MACÍAS-Ourense, Novembro 1925

Faro de Vigo, 11-11-1925, páx. 2



RETROSPECTIVAS



I.M.G.

Os tempos pasan e corren lixeiros para precipitarse nas rexións descoñecidas, a xeito dos ríos que se despenan vertixinosamente desde os cumios das montañas, onde toman a súa orixe, para afundirse nas inmensas augas do mar. Mais deixan na retina dos seus espectadores algo indeleble, a imaxe dos seus soños, que se transmite ós vindeiros. Tal sucede nin máis nin menos coas festas patronais desta vila, que ano tras ano celebranse en memoria de San Martiño e San Roque, denodados campeóns da fe, eficaces avogados e protectores eximios de seus devotos. Para corroborar esta aserción, basta traer á memoria os tempos pretéritos nos que os nosos antergos fundaron esta parroquia, erguendo as súas casañas a un e outro lado das suaves pendentas que circundan a esta fermosa vila. Desde entón pensaron a quen debían de elixir como patrón, da súa igrexa e lugar, e unha esplendorosa luz alumeou as súas intelixencias e divisaron nas alturas celestiais, coroada a súa fronte coa aureola da inmortalidade, ó heroe que sería o seu avogado, o seu guía e mestre. Este era San Martiño, gloria e prez do episcopado Turoense, martelo da infidelidade da herexía arriana. Pero era necesario buscar outro protector que rivalizara con San Martiño en celo pola prosperidade lexítima do pobo nacente. Ante a súa extasiada mente un raio de luz celestial sinalalles o consorcio. Era San Roque, insigne Apóstolo da caridade, bálsamo e alivio dos aflixidos, protector contra a peste, disque é fortaleza inexpugnable contra os inimigos que nos combaten para arrastrarnos á profunda sima de tódalas desventuras e desgracias.

Con tan valiosos auxiliares foi poboándose esta xa hoxe populosa freguesía, embelecida coas galas da poesía coa que o Facedor quixo enriquecela. A gratitude dun pobo ós seus insignes benfeitores debe ser eterna; e así efectivamente, o están evidenciando estas festas, que os fillos deste pobo celebran cheos de entusiasmo e alegría, lanzando o aire as súas inocentes e alegres cancións e acudindo presurosos a postrarse ante as imáxes dos seus protectores e avogados San Martiño e San Roque, en proba de gratitude polos beneficios recibidos, mercede á intercesión e demanda de ulteriores e preciadadas gracias.

A fe inmaculada dos fillos deste pobo, o seu entusiasmo e interese por todo o que significa grandeza e lexítima prosperidade na orde moral, cívica e relixiosa, son os propulsores de tan simpáticos ideais, que sen dúbida cristalizarán sen par para esta vila, orgullo lexítimo dos seus habitantes.

EMBARCAMONOS EN BUEU...

por Julia Verdejo y de Garciarena, 1927

¡Que fermoso é deslizarse suavemente sobre o raso azulina da ría, nunha mañá de sol, de aire morno, que roza as nosas fronteiras como o consolo dunhas mans agarimosas. As velas extendidas do balandro que nos leva, parecen as ás que milagreiramente naceron nos nosos lombos ó mergullarnos no ensoño do horizonte atractivo. Coma nos contos de fadas voamos sen dirección fixa, ó parecer, sen máis fin que o goce de sentirnos levar. Rapidamente, suavemente, esbarando sobre as tranquilas augas.



Illa de Ons

Ó deixar de mirar a praia na que embarcamos, se miramos cara á beira do mar, vemos sucederse e extenderse á nosa vista a máis encantadora colección de praiñas, que parecen feitas expresamente para engaiolar a vista do viaxeiro.

Agora é o xoguete engaiolador, como xardín formado polas mans infantis, que cadradiña e branca aparece extendida entre os lindes verdeantes e azulados da follaxe e do mar.. Un pouco máis alá, podemos ollar a Mourisca, como unha antesala espaciosa e lisa, do inmenso bosque de piñeiros que se ergue tras dela, invitando ó que a percorreu a internarse na fronda para descansar do paseo e refrescarse na súa sombra; e alí, como desde un lugar inaccesible, os raios de sol, ó cansancio e ó ruído, repousar e soñar.

A punta do Cabalón empuxa atrevida nas augas e dórmese entre as ondas, como un monstro que se deixa lamber por elas.

Mar adentro, gozamos plenamente do espectáculo grandioso; se miramos cara adiante, o mar inmenso danos a sensación de que non chegaremos nunca a terra e, esta idea impresiona profundamente a quen o contempla a miúdo e moi lonxe de temelo fainos dicir !Adiante;, máis mar, inmenso mar, grandioso e magnífico; ¡Que maravilloso eres, que poderoso o teu Creador;.

Volvemos un momento a cabeza e vemos xa moi lonxe a Bueu, coas súas casiñas brancas, salpicadas sobre os seus montes, como se os habitantes subisen ás alturas para dicirnos adeus, pobo rideiro, o das casiñas brancas, sobre os verdores elevados, o das praias fermosas e repousadoras, o dos piñeiros e ensoños, adeus.

O mar rizouse por momentos, e do profundo azul, rachouse, abríndose en amplas faixas de espuma que ás veces salpica e refresca. Parece que o mar nos atrae, nos envolve e nos leva, naqueles momentos nosque case nos deixariamos levar por el, engaiólanos e encántanos e admirámolo con adoración. Pero vai caíndo o vento, e a móbil superficie calmouse e por un tempo

deixa inmóbil a nosa embarcación, despois de ver e admirar a costa de forma alargada e estreita da illa de Ons. Longamente contemplámola, ata que o vento torna e podemos achegarnos á illa e desembarcar. Se non fora porque ó poñer pé en terra somos moi amable e cariñosamente recibidos e obsequiados, fariámonos a ilusión de que chegamos á unha illa deserta ou case descoñecida, porque así sería máis poético e dedicaríamnos a explorala e a facer descubrimentos; pero como xa o atopamos todo feito, entregámonos á admiración dun país sumamente pintoresco e percorremos os seus fermosos lugares atopando a cada paso paisaxes a cada cal máis encantadora, rideiro ás veces, ás veces imponente, pois ó pouco de chegar voltou a rizar o vento a superficie do mar e as ondas baten sobre uns dos extremos puntiagudos da illa, cubrindo de nacarada espuma. Pensamos emocionados o que será isto nun día de marusía de inverno, cando o océano desencadea as súas furias contra esta illa indefensa. O espectáculo será seguramente imponente e grandioso.

Percorremos parte da illa polo camiño que nos leva ó faro e alí miramos o seu funcionamento; logo, desde o balcón máis alto, deleitámonos en contemplar novamente a inmensa extensión de mar que nos rodea e forma a situación da rideira illa solitaria. Verdadeiramente non compadeecemos ós illenos; aínda que nós debemos chegar canto antes a terra firme, porque a noite vense lixeira e é preciso que non nos sorprenda tan lonxe do pobo,

Tomamos de novo o camiño da praia que nos acolleu ó chegar; volve a deslízarse o noso barco mar adentro, pero así como ó ir, todo era luz, apbraio, ruído e barullo, agora que o sol nos deixou, todo é calma e silencio. Recollémonos paseniñamente e entregámonos por enteiro ó ensoño case relixioso desta noite de paz que nos sorprende en preamar, sen lúa, medio adormecidos pola suave caricia da brisa, gozando o pracer de navegar moi suavemente, sen movemento e deslízarse, así como se nos levara sobre el un inmenso peixe nadando velozmente. Pestanexa de vez en cando ó lonxe a luz dun faro; alí, o da heroica Sálvora, un pouco máis aquí o de Cabicastro, despois Tambo, todos brillan coma ollos que nos miran na noite, sorprendidos do noso bogar lixeiro e seguimos con recollemento gozando desta ampla paz garimosa do océano. Ás veces a auga ábrese en grandes franxas prateadas e fosforescentes que nos marabillan. Ó pouco, uns dos nosos mariñeiros rompe o encanto do misterio, rachando o aire coas notas dunha copla saudosa e doce do país e axiña o reflector dun barco de guerra, no lonxano, enfócanos envolvéndonos nunha claridade espectral.

Rachouse xa o encanto, divisamos moi perto á beira, Bueu, ofrécenos un aspecto brillante, coma de festa; tódalas súas luciñas acesas reflíctense na auga tranquila e seméllanos unha iluminación preparada para recibirnos. !Volvemos de novo a ti, pobo acolledor, calmoso e doce coma a túa ríaj.

MORTO QUE RESUCITA

por XAN DE BON

Xírome de Antepazo, home bo, traballador e honrado a carta cabal, dedica as súas actividades ós oficios máis heteroxéneos, pero na época na que o coñecemos prepara e clavetea caixas nunha fábrica de salazón de peixe.

Era por aqueles tempos felices e xa algo lonxanos, no que a abundancia da pesca animaba á vila de Bueu. Coas continuas gañancias a alegría e o bo humor eran compañeiros inseparables do persoal das fábricas. O traballo facíase máis levadeiro porque a unha fraternidade cordial e sinxela uníase a esperanza dunha óptima paga quincenal.

Xírome atopábase case satisfeito da vida, e estaríao aínda máis se non fora por un punto negro que apenaba a súa existencia, amargándoa ás veces máis do debido. Este punto negro encarnábase en Manuela, a súa muller, pero ninguén poría en dúbida a súa completa felicidade ó velo no grupo de carpinteiros, entre os veteranos o señor Víctor e señor Juan, que ó son incesante dos seus martelos, disparan os seus dardos en forma de frases punzantes que rebosan salática e gracia natural.

Un día a chispeante crítica tiña por obxecto o comentario dun misterioso secuestro de magnífico “fozante” que foi escamoteado suplantando a personalidade do comprador e as saetas que suxiren o caso poñen en emoción ó persoal que crava en masa as súas burlonas miradas na vítima do inxenioso engano, que ó mellor non anda lonxe.

Outro día entre bromas e veras conséguese cun matrimonio non moi ben avido vaise ás mans por non poder soportar máis os continuos agravios que tramou a cizaña en forma de complot do grupo de irónicos.

E como na feroz pelexa dase un mentís rotundo ó calificativo de débil, aplicado ó sexo feminino, o fandango que se arma é formidable e a ovación tributada á vencedora resulta unha apoteose sen precedentes.

Mais a calma tórnase e Xírome, narrador infatigable, congrega ó seu redor ós ointes que pendentes dos seus labios escoitan as mil proezas por el realizadas, e as estrañas concurrencias de que foi protagonista, sobre todo cando alá polo ano oitenta e tantos, atopábase en Madrid servindo ó rei, de quen se fixo moi amigo, comendo con el máis dunha vez.

Deste xeito vanse deslizando os días ata que o grande narrador da vida de campaña e de palacio cae enfermo e aínda que os seus compañeiros bótano de menos nas longas horas de traballo, non por iso decae a alegría, aparecendo a miúdo motivos para que volvan a reinar o ruído e a algazara.

E non tardou moito tempo en que a mesma enfermidade de Xírome dese lugar a un suceso que armou unha verdadeira revolución, sendo durante moitos días o prato obrigado das conver-

sacións e dos máis sabrosos chistes e comentarios, entre os compañeiros do xa célebre matrimonio Antepazo.

Saíra Manuela moi de mañá ó monte, facéndolle ó seu home menos caso que ós cantos de Estrela en día de norte. Xírome no leito da dor, sentiu saír á ingrata, e desesperábase ó verse tan só, sen recibir unha palabra de consolo.

De volta Manuela, cun bo “feixe” de broza, rápido o paso, encamiñase á casa de dona Lina que lle fixera o encargo e quere deixalo cumprido antes de que chegue a hora de entrar ó traballo. Pero ó pasar pola igrexa detense e estremece. A campá, lugubrememente está tocando a morto. E asaltalle un presentimento. Recobra o ánimo e segue o seu camiño ata a praia curvada co peso que leva sobre as súas costas.

No camiño é detida por unha destas amigas que se compracen en dalas noticias desagradables.

- ¡Ai, Manuela -dille-, seica che morreu o home!. Dixéronmo hai un pouco.

A interpelada que ten unha idea moi elevada do seu deber, aparenta non inmutarse gran cousa e corre ante todo a facer entrega do seu “feixe”. Cobra o importe e prega a dona Lina lle adiante cinco pesos para comprar o cadaleito, pois o seu home acaba de falecer. Unhas bágoas de crocodilo comezan a esbarar polas súas enrugadas meixelas.

Provista da fúnebre caixa atravesa o pobo. recibe infinidade de pésames, algúns deles deixan ver algo de ironía; pero ela parece crelos todos sinceros e segue o seu camiño.

Chega por fin á súa casa, o corazón latéxalle con violencia. Está a punto de saloucar e así ten o firme propósito de facelo, aínda que somente sexa polo que dirán, cando se mire diante do cadáver.

Coa man a tremer abre a porta da alcoba, e vai cara o leito e ...!oh sorpresa! Xírome, o mesmo Xírome, está sentado, cun pitillo na boca, espreguizándose coma aquel que se dispón a saltar da cama.

A “viúva” restrexa os ollos, non sabe se é un soño o que lle ocorre e dalle traballo convencerse da realidade do que mira. Ata que o presunto morto sácaa da súa perplexidade dicíndolle coa súa sorna característica.

-Moitas gracias, muller. Xa sabía que me querías ben, pero aínda mellor agora que me fas tan bo regalo. E namentras non me fai falla podes deixalo debaixo da cama.

Ante unha torpeza tan descomunal, Manuela sae escorrentada da estancia, xurando non volver, para non sufrir a serie de chirigotas que se dispón a lanzarlle o sempiterno socarrón do seu home, quen aínda tardou algún tempo antes de alonxarse do moble, co que a súa agarimosa dona o obsequiara.

COMBA DE VERDE



Johan Carballeira, 1928

Meu suxeito aquí, é a paisaxe.

Este de Bueu, constructivamente, por tonalidade e ritmo, fondeado á beira do Atlántico, xogando á catro esquinas co mar e maduro de sol embazado de brisa é un neto espécime desa *terra de verde* en que se bisela, coa *terra de pedra* a viva lúa da paisaxe galega.

É aquí nestes agros peraltados toda a franca fisionomía da Galicia mariñeira, cinguida ó ceo abraíando ás luminosas velas dos horizontes izados.

Val de Bueu, xenuíno val galego. O val redondo, ancho, voluptuoso de escorzos femininos. En comba de verde. Aberto coma uns labios de persuasiva voz para deter o tempo. Delicado e poderoso como empinadas cadeas de femia propicia. Non é aquí o val constreñido, nervioso que se ergue agresivo con verticalidades virís. Este de Bueu é paisaxe de sexo feminino cal do que falou Unamuno. Feminino por xeometría, por colorido, por ritmo. Por gracia, limado de arestas, coma unha auga madrugadora, cínguese ó paso das miradas con andadura redonda e empastada tonalidade de loira moza de primavera. Por iso a esta paisaxe adusta, recia, masculina pode terse amizade por afinidades temperamentais e estados de almas.

Carne xove a desta paisaxe sanamente lírica-deportiva con celdas de arroubo para cada xornada de devoción. Porque se dixo, en xeral, que a paisaxe galega ten beleza de prostituta, á man de todos. Pero é que a paisaxe bueuense garda sempre alquitarados recunchos que desvirgar para os ollos solícitos.

Na curva branda que se abre en ángulos cromáticos e verde gama ascende, desprezándose, para abrazarse ó ceo e na telúrica culminación canta como paxaro embriagado de luz.

A chaira é cansancio, resumida nun total enfoque. Monótona, monocorde. A paisaxe en curva ten volume e ten, eco. O eco visual que fai establecer un vivo e sempre animado diálogo entre retina e panorama.

Así esta branda comba que vai do Roxo á Graña co Liboreiro ó ombro e apertada por cinta do ceo nunha fogueira de verde, onde a peregrinaxe dos ollos atopa descanso na sorpresa de cada perspectiva.

Comba de verde desde Meiro a Castrelo e da Ramorta ó Outeiro. Máis empastados, máis densos os verdes da vertente da igrexa. Húmidos, guateados de orballo os verdes da Portela a Loureiro. Os predios recén pintados con anuncios de turismo con ese verde tenro en que se espreme Holanda.

(A paisaxe de Bueu, tan múltiple, tan organizada para gañar o ánimo é o embigo do total panorama do Morrazo, toda ela tan xenerosa e esforzado en estéticas sortes. ¡Que enormes posibilidades as súas nese circuíto milagreiro que será Vigo-Pontevedra-Marín-Bueu-Aldán-Cangas, o día que o turismo poña patente a enorme forza que teñen as terras galegas!).

E no colo do día, a verde comba, de ceo a ceo, arrandeando unha luz tonificante, cribada e o rumor dos muíños que lle cantan a distancia ó río, agulla enfiada de soño. E na boca do val, norte de saudade, o mar ancorado como xiocondesco sorriso, complementado o aparello lírico vencedor da emoción.

E así, arrandeándose os nosos ollos de ceo a ceo de este a oeste. e de norte a sur, persigando a paisaxe.

Johan Carballeira

El Pueblo Gallego, 12-11-1928, páx. 1



O COELLO MENSAXEIRO

ROTATIVO



Camiño da praia de Beluso

É don Homobono O home de máis sorte que hoxe en día se coñece por estes lares. Cada un dos seus pasos, márcalle un camiño de satisfacción e benandanza. Todo lle sorrí e leva da vida felicidade completa.

Mais, como todo ser humano, ten un punto fraco e este consiste na súa rápida emoción, ante calquera accidente desagradable, ben sexa propio, familiar ou alleo. Non obstante o seu

carácter simpático e atraínte granxeoulle sólidas e numerosas amizades, que celebran con verdadeira complacencia o humorismo e ironía de don Homobono.

Sente polo deporte cinexético vocación ilimitada e a el dedícase enteiramente, aínda roubándolle ata horas ó sono e ós demais menesteres que a súa actividade lle impón.

Esta é, a grandes rasgos, a silueta de don Homobono, do que se conta a seguinte anécdota:

Camiñaba certo día, acompañado de varios amigos dispostos a arrasar o coto que en arrendo levaba a sociedade Veterinaria da localidade e monte arriba e monte abaixo, pasando con indiferencia fatigas e penurias, transcorriron as horas matutinas sen que a boca de xerro aparecese

unha peza que cobrar. (E dicimos a boca da xerro, porque facerse con ela doutro xeito, sería punto menos que imposible).

Trosky e Torista, dous magníficos exemplares caninos que se pasaban de listos e que en tal concepto figuraban na cacería, deron co rastro do coello en medio dun extensa matogueira, mes-ta e rodeada de camiños. Alí presentouse para os excursionistas o momento de lucirse e facer ga-la das súas especiais dotes para o manexo da súa respectiva arma que a que non era de estrea, contaba con pouco tempo de uso.

Elixiu cada cal o seu posto con matemática precisión, porque daquel matogueira, ó mellor vo-ando, máis ben que correndo, saíría acosado o animalíño que se entregaría de boa ou mala gana ós seus tenaces perseguidores.

E así foi, en efecto. O ladrido dun can, castigado intencionadamente por exceso de celo no traballo, fixo poñer en garda ó resto dos excursionistas, ó mesmo tempo que ós pés de don Ho-mobono chegaba preguiceiro e descoidado, un coello ou lebre (a simple vista confundíase pre-tendendo ampararse do perigo que lle ameazaba, na sombra do home que tiña fama de bo e agarimoso notoriamente coñecida. Tal detalle pasou desapercibido para don Homobono, ata o punto de facerse necesaria a indicación da proximidade do indefenso animalíño, e quizais intuiti-vamente montou a súa tercerola, a encañona... e !oh casualidade non sae o tiro!. Quédase per-plexo un anaco e o coello, lebre ou o que fora, diríxelle insistentes miradas de lánguida tristura. Máis don Homobono repite a operación con outro cartucho e !zas; o branco roda por terra a pou-cos pasos da súa situación.

Corre xunto del don Homobono, recólleo do chan e ó examinalo detense atordado, botando un berro de anguria. Refaise logo da impresión recibida e visiblemente emocionado exclama: !ai, que barbaridade; !Matei, nada menos que un coello mensaxeiro;

E efectivamente, nunha das patas do animal, estaba atado unha sombreireira, dentro da cal ti-ña un papeliño no que se lía: "Son inocente mensaxeiro que morro a máns do máis cismático dos verdugos. Coñezo a súa honradez e entrégome á súa cobiza para enchelo de remordementos. Seguireille os seus pasos; vivirei á súa sombra e correrei tras el como un espectro".

Don Homobono, que dixemos, era todo corazón, constantemente preocupado polo que califi-caba de mala sorte, abandonou o seu deporte favorito, retornando ó fogar e ó despedirse dos seus compañeiros, laiábase candorosamente, dicíndolles: "¡Cuan ingrato son;. Ninguén máis ca min podía arrebatarse a vida a un coello mensaxeiro".

ROTATIVO

El Pueblo Gallego, 12-11-1928

* * *

BUEU A LABORIOSA

Un alto no camiño

A rinte e acolledora vila mariñeira, vístese hoxe de gala. Celebra as súas festas patronais e pon nelas o seu entusiasmo como o puxeron os seus antergos, os ascendentes dos de hoxe laboriosos habitantes, que van convertindo o seu solar nativo en admirada factoría de actividades. Bueu non fai nesa data máis que solemnizar fervorosamente un alto no camiño do seu persistente traballo no mar e no agro, porque da pesca e do campo viven principalmente, quen teñen as raíces nese paradisíaco recuncho do Morrazo.

A pequena, pero progresiva urbe que otea o Océano na vangarda dos pobos de ambas beiras da ría pontevedresa, salpicada de brancas casiñas de mariñeiros, de chalés e palacetes de familias pudientes, ávidas de encantos de Natureza e de laboratorios de produtos do mar, conserveiros e salazoeiros. Bueu, marcha en notoria ruta ascendente polo empuxe dos seus fillos, a colocarse en non moi lonxana data entre as vilas máis florecientes da nosa terra galega.

Nada, ou case nada, debía Bueu á protección oficial, ou máis ben expresado, á xustiza do Estado. Quizais esa situación de vangarda da que antes falamos fora a causa de que os políticos non xulgasen conveniente asomarse con comodidade a ese balcón grandioso que o Creador colocou nesa enseada e nese porto, superados por moi poucos nas nosas costas. Pero tal abandono tradicional vaino suplindo paseniñamente, o traballo, as virtudes cívicas e morais dese vecindario da alegre vila, que se en ocasións sente o zarpazo cruel de todo o pobo mariñeiro, que rende tributo luctuoso ó enfurecido mar ó recoller este nas súas entrañas, vidas de mártires da penosa labor pesqueira, sabe refacerse ó momento e multiplicar os seus esforzos para recibir diariamente as satisfaccións do deber cumprido, sen as inxerencias e as zozobras que producen as loitas entre irmáns, as discrepancias entre ricos e pobres, os pleitos sociais entre patróns e traballadores.

Nada disto se deu por agora en Bueu e iso que existen alí industrias florecientes, algunha delas, unha das primeiras de España no ramo conserveiro, e mentamos a fábrica dos señores Mas-só.

Parece que unha santa irmandade ven presidindo o réxime de vida que se desenrola na moi simpática vila. E isto abonda para que mereza a admiración de todos.

Tal conducta dun pobo, a unión de tódolos seus compoñentes, constitúe a súa forza máis poderosa para a consecución dos seus desexos progresivos.

B.A.

El Pueblo Gallego, 10-11-1929

* * *

COCKTAIL

* UNAMUNO E OS RICOS.-

Sexa a primeira lembranza para o insigne don Miguel de Unamuno. Pois este don Miguel de corazón florido estivo unha vez en Bueu, co seu amigo Víctor Said. Na casa do señor Bares foille presentada ó autor de *'O sentimento trágico da vida nos homes e nos pobos'* toda a dourada chusma da vila. Don Miguel xa estaba farto de dala man a ricachos de gran cuantía. E entón, na presentación dun máis, este profesor de tódalas disciplinas deu unha fermosa e incisiva lección de ética...

E falou dos ricos estafadores que se aproveitaban da arte, da literatura, do pensamento e do esforzo alleo sen dar a cambio nin unha mínima parte da súa gorda sorte de metal que soen posuír de igual xeito que se se tratase dunha chepa ou outra deformación.

Don Miguel foi rotundo e directo e do efecto aínda pode informar o mequetrefe da historia.

* D. EMILIO CASTELAR, MUDO.-

Cando o bo de Castelar, o pletórico tribuno estivo en Bueu, foi a alugarse á casa de D. Juan Tapias.

Así que chegou asomouse ó balcón da casa, balcón que sobre o mar semella unha dorna máis entusiasmada de horizontes.

Castelar, suspendidas as volicións pola sorte do éxtase non puido dicir máis que a duras penas: "¡Que fermoso, que fermoso é isto!".

E así quedou mudo certa tarde de non sei cantos anos fai que aquel home coa súa palabra tórrida personificou a Elocuencia.

* A CONDESA DE PARDO BAZÁN E O LIBOREIRO.-

Dona Emilia de Pardo Bazán quedaba tódalas primaveras engadada na Torre de Miraflores, de Sanxenxo, a vila que fai un vivo 'tête a tête' con Bueu.

E aquela boa dona da pluma dilixente e ampla, contemplando tódalas tardes o azul culebreo da ría, dicía que aquilo era mil veces máis fermoso que a famosa Costa Azul.

E tanto se consideraba en Italia dona Emilia que sinalou o monte Liboreiro, envolto en cendais de lonxanía, engadía: 'Mirade, aí tedes ó Vesubio; vivo só de perfís resolto'.



PUNTO E APARTE

Se foramos agora a descubrir a personalidade anecdótica completa da vila de Bueu, a bo seguro necesitaríamos dunha folla suplementaria, a máis duns certos retorcementos da linguaxe e unha grande preñez de metáforas.

Contentémonos neste momento coa baralla trivialmente alusiva, un a modo de índice que sexa no día de hoxe como un repaso de conducta eutrapélica.

* **TOPONÍMIA** (do inglésiño Santos).-

Uns ingleses viaxaban en coche por Galicia.

Estrada abaixo de Cangas atopáronse de cara cun pobo. ¿Será Bueu? Dixéronse detendo o coche xunto á fonte do Canguero.

E o can deste, chamábase Roellas e era académico, ladrando ferozmente ós turistas, doulles a resposta: ¿¿Güeu... güeu, güeu!!...

-Oh, "all right"- contestou un inglés satisfeito.

* **O CONTO DO LACÓN BO**.-

Xa non se sabe, amigos pais Ventura e Juan, xa non se sabe cando foi aquilo, máis aínda parece que *cheira*.

O conto do lacón ameaza con facerse eterno como o da boa pipa. E total non foi nada, unha máquina fotográfica que ó retratar un lacón absorveu o obxecto materialmente. Coma nos contos de Ramón Gómez de la Serna.

Mais nós descorrámo-lo velo. Non, isto só debeno saber os de Bueu.

* **NON ME BATAS MÁIS**.-

Don Chiquillone chegou a Bueu coa súa magra figura e uns calzóns enxutos e unhas grandes ganas de rir.

Un día chocoulle:

- ¿Mais cómo lle chaman 'Batamanó' a esa muller?.

- É un mote alcume -respondéronlle.

O tempo era longo no café. Había que falar.

-Mais, señor, tódolos alcumes teñen que ter fundamento, algún apoio...

Unha noite de cans non se sabe que lío levou á infeliz Chiquilloni ó domicilio de 'Batamanó'.

Dialogaron fortemente e como último argumento, a dona 'Batamanó' cun martelo ou tranca comezou a bater de tal xeito ó inxenioso cabaleiro e este non tivo máis remedio que berrar:

-¡Basta, basta, non me batas máis, non me batas máis! - chegando a sintetizar:

-¡Ba-ta-ma-nó! Ba-ta-ma-nó!

Comprende a esotérica orixe do alcume.

* **UNHA OPERACIÓN DELICADA**.-

Emilio Pais, fillo, e Adolfo Castro, como Collazo Charrúa etc. Que son homes que están continuamente chorreando humor e euforia, saben isto.

A estupenda cura de barriga ó estupendo Ramón de Mora.

¡Mais, señor, se era ten sinxela!

Unhas fregas de viño con sal, repouso e volta a empezar. Método case Asuero.

* O BRUXO.-

“O bruxo” é o mariñeiro máis curtido e lobo de mar que viron os ceos.

Herdou de Merlín e outros demiurgos ou segredo da vida. Encantamentos, profecías, cábalas, sortilexios, etc.

Mais o bruxo tiña un punto vulnerable e non precisamente no mesmo lugar que Aquiles, senón no estómago.

O bruxo semellábase por el ‘fozante’ ou carne salgada de porco.

Unha vez uns espíritos malignos deronlle un atracón tan formidable que o pobre home perdeu as súas facultades alquímicas.

Tanto, que ata esqueceu o seu nome. Hoxe, ninguén sabe como se chama.

* “MORITO FÚTBOL CLUB”.-

Este equipo chagado de victorias por tódalos recunchos e gañador dos de Beluso por vinte a cero, gañou tódolos partidos do campionato de amizosos que se produciron.


Contra o ‘José do Regueiro’, por dous ollomoles a cero.

Contra o “Ferrolán” por un roscón a cero.

Sinalamos a estes equipos por ser os de máis sona con que se enfrentou.

Máis o resultado era de esperar. O seu capitán dixo: non poden ter categoría polo seguinte.

E a continuación, cunha salsa inaudita de plástica mímica conta que un día...



* COLOFÓN.-

Esta é a xente auténtica de Bueu. A que está chea de euforia e lle fai uha filla á vida de can.

Os demais son paisaxe. Os insustanciais. Que nin serven para a eutrapelia nin para o serio.

X.X.

El Pueblo Gallego do 11-11-1929 páx. 9-10

FLOTA PESQUEIRA DE BUEU CONTA CON 869 EMBARCACIONS DE VAPOR, GASOLINA, VELA E REMO

Máis de 37 millóns de pesetas importou a pesca nos últimos cinco anos.

PREÁMBULO

A fachendosa vila de Bueu celebra as súas festas patronais na honra de San Martiño e San Roque e non podía faltar no FARO DE VIGO, en días tan sinalados e



lembrados polos bueuenses que, lonxe do seu terruño soñan con el; unha sinxela crónica de divulgación e exaltación da súas belezas e desenvolvemento económico-social.

Sexan, pois, estas modesta líñas como unha ofrenda dedicada a tódolos que pensando en Bueu, na súa grandeza e na súa prosperidade, traballan, sofren, loitan rezan polos camiños do mundo.

PEQUENA HISTORIA

Bueu, como a máis grande parte dos pobos da península do Morrazo, que en tempos antigos eran simplemente praias abertas ó mar, estivo sometido ás invasións de piratas, sendo difícil o auxilio ós seus poucos e inermes habitantes, polo aillamento no que se estaba. Así é de presumir que cando en 1617 unha escuadra turca achegouse a estas costas parte da xente desembarcada, que sobrepasaba os 2000 homes, pasaron por esta zona, arrasándoa e saqueándoa, sen que teñamos noticias máis concretas do feito. De aí que as igrexas e casas dalgún arraigo erguéranse no cumio dos montes ou outeiros e non na beira do mar, para unha mellor defensa destas invasións, e por iso construíronse as igrexas das tres parroquias que compoñen este Municipio e as casas solariegas do Casal dos Aldao (coñecida actualmente pola dos Picos), fundada en 1466; a de Santa Cruz, pertencente ós Rúa e Freire, abade-párroco de Bueu e Comisario do Santo Oficio da Inquisición do Reino; a de Castrelo que pasou a pertencer ós de la Cueva; a do Pracer, Friande, Torre e outras das que poucos vestixios se conservan.

Para defenderse daquelas incursións e avisarense da presenza de naves piratas, existían vixías no alto dos montes de Udra e Vela en Beluso; Esculca en Hermelo e Liboreiro en Bueu, que por medio de fogueiras comunicábanse co monte Facho e a punta de Donón en Hío, portas de entrada de Aldán e Pontevedra.

No libro da Confradía da Virxe do Carme que se conserva no Arquivo parroquial, faise mención da invasión no ano 1745 desta villa por dúas fragatas corsarias inglesas, vendose obrigados os veciños a refuxiarse nos montes deste termo e o cura párroco a esconder as alfaias, documentos, libros e ornamentos da Igrexa. Pasada a invasión notouse a falla de varios libros e documentos perdidos seguramente no traslado. É sen dúbida a causa disto a laguna que se observa con relación as notas e documentos de carácter histórico, ata a primeira época do século XIX.

Fai uns 90 anos, Bueu estaba poco menos que pechado e incomunicado co resto da provincia. Cara Pontevedra viaxaba por un camiño que foi en tempos estrada real, mal pavimentado, e con Cangas por veredas e a campo a través. A súa única comunicación fácil era o mar.

A principio do século pasado, alá polo 1885 ergueuse na praia de Bueu a primeira fábrica de salazón, pero xa anos antes viñeran algúns artesáns cataláns que, modificando rudimentarios medios de pesca e empregando aparellos de arrastre dedicáronse á preparación da sardiña en casetas de madeira chamadas “chabolas”, con pilos e presas de palanca, exportándoa en buques de vela ós portos do Mediterráneo. De aí nace seguramente o que no escudo do Concello, fundado no 1838, que é cando aparecen os primeiros antecedentes, figura un bergantín, que debía ser sen dúbida, a clase de veleiros que transportaban os produtos da nacente industria e que con moitísima frecuencia facían escala en Bueu, con sitio determinado na Roiba, para a recollida e abandono de lastre de pedras e areas.

Existe no arquivo municipal unha Memoria sobre os produtos que Bueu exportaba de maneira predominante, tales como sardiña salgada e prensada, xurelo salgado e seco, parrocha e boquerón en salmoira, ‘pulpo’ curado e de media cura, cabala, atún, bonito e corvelo, sardiña afumada, pescada e abadexo salgado, limóns, fabas, algo de millo, centeo, cebolas, madeira de piñeiro en rolo e trepeza de castiñeiro para aros de tabais, graxa de sardiña filtrada e borras da mesma, ovos, carne, touciño e unto de porco, xamóns curados e en sal, coiros, tecidos de liño e viño, con destino principalmente a Barcelona, Valencia, Almería, San Sebastián, Santander, Bilbao, Avilés, etc. Importábase, ademais de diversos artigos alimenticios e de aseo, o sal e cáscara de piñeiro para tinxidos das redes.

Algún historiador opina que na península do Morrazo e por conseguinte neste Concello deixo sentir a colonización grega e que aquela formaba parte do territorio que varios escritores asignan ós helenos de Plinio. Como elemento comprobativo, cita un grupo de nomes gregos en determinados lugares, parte deles sen modificar na toponimia deste Concello como son: Bueu, de *boeos*, vasto, extendido, espacioso; Bon, de *boon*, boi ou vaca; Hermelo, de *Ermes*, Mercurio; Meiro de *partir* ou dividir; Beluso, de *belos*, extremo de un país o comarca, etc.

Bueu ten o título de vila, por Cédula real a partir do 12 de Jullo de 1850.

O concello de Bueu está encravado no centro xeográfico da península do Morrazo, entre os 42º 17' e os 42º 21' de latitude Norte e os 5º 2' e 5º 10' de lonxitude Oeste, aproximadamente, do Meridiano de Madrid. A parte máis alta é de 330 metros sobre o nivel do mar e na súa configuración entra a pendente e o val. A súa extensión superficial é de 32 kilómetros cadrados e a poboación segundo o Censo de 1950 é de 10.177 habitantes de feito e 10.537 de dereito.

A vila, capital do Concello, está na enseada do seu nome, unha das paraxes máis fermosas da Ría de Pontevedra. Aséntase sobre unha planicie contorneada por un amplísimo anfiteatro natural, formado polos seus montes, sobre os que se alzan os lugares de Carrasqueira, Ramorta, Valado, Graña, Cidade, Outeiro, Norte e Meáns, magníficas atalaias, dende as que se pode contemplar a vila ós seus pés e ó lonxe, Ardán, Loira e Raxó, Sanxenxo e Portonovo ó outro lado do mar, coas illas Ons, Onza e Onceta, tendidas ó sol, sobre a entrada da ría.

O trazado urbano da vila é de moderna estrutura, con rúas rectas e amplas, que arrincan das dúas principais: a Avenida de Montero Ríos, que percorre ó longo da súa enseada como grandiosa cornisa en forma de media lúa, seguindo a configuración daquela, desde o Penedo a Pescadoira, unha lonxitude de máis dun kilómetro e con edificacións a unha soa banda, e a de Eduardo Vincenti, columna vertebral da vila, con dirección perpendicular á anterior formando entre ambas dúas unha xigantesca T. Sobre este primitivo trazado, á dereita e esquerda a de Eduardo Vincenti e tamén perpendicular á de Montero Ríos, construíronse as de nova apertura denominadas A, B, E, G, H e Travesía da Banda do Río e como acceso á estrada de Pontevedra a Cangas e de Bueu a Cangas, os ramais ou enlaces de Pescadoira, Galos e Can do Penedo, que forman o total da primeira parte da urbanización do plano de poboación da vila, confeccionado no ano 1926, en virtude de encargo do Concello, polo Enxeniero de camiños D. Rafael Picó.

Diversas obras de construción e adecentamento leváronse a termo nestes derradeiros anos que melloran o aspecto urbanístico da vila.

Con fondos municipais, da Xunta de Axuda a Municipios e subvención da Deputación, realizouse a urbanización e peche do novo cemiterio na Portela, proxectado coa visión dun Bueu futuro e unha primeira parte das obras ascendeu a pesetas 381.886'57.

Existe o propósito de levar á práctica a construción da Praza de Abastos, Matadoiro e Grupo Escolar, procedéndose ó estudio da emisión dun empréstito que permita acometer ditos proxectos e que son necesidade farto sentida por un pobo da importancia deste.

En colaboración coa Excma. Deputación Provincial construíuse o camiño veciñal da Banda do Río á Portela e o enlace da rúa Ramón Bares coa anterior; coa Obra Sindical do Fogar, o Grupo San Telmo composto de 30 vivendas protexidas na Achadiza e coa Obra Social do Movemento o camiño de acceso ás praias de Portomaior e grande número de fontes e lavadoiros nos distintos puntos do concello.

En vías de execución están as construcións das casas escolas de Meiro e Igrexario, co apoio da Excelentísima Deputación Provincial e o Poboado de Mariñeiros na Banda do Río, de 50 edificacións, co Instituto Social da Mariña.

En proxecto: Capela-escola San Xosé para fillos de mariñeiros, co do Instituto Social da Mariña e os pavimentos de firme especial da rúa Pazos Fontenla desde o seu arranque atao o empalme coa rúa B, co apoio da Xefatura de Obras Públicas de Pontevedra.

RIQUEZA NATURAL: A PESCA

Pero a máis importante obra é, sen dúbida, a ampliación do muelle, de seu deficiente e construción dun fondeadoiro de abrigo para a numerosa frota pesqueira, xa que o modesto espigón que actualmente existe é notoriamente insuficiente para as necesidades que a actualidade demanda. Da importancia que esta actividade representa, forza motriz do desenvolvemento económico da vila, da unha idea exacta a seguinte estatística: Existen 3 barcos de vapor, 32 de gas-oil ou gasoliña, 616 de vela e 218 de remo. A pesca capturada nos últimos cinco anos ascendeu ó total de 11.752.692 quilos cun valor de 37.576.239'05 pesetas, distribuindo da seguinte forma:

Ano de 1947.- 3818.922 quilos, que importaron 9.672.787'70 pesetas.

Ano de 1948.- 1.741.982 quilos, con 5.195.799'95 pesetas.

Ano de 1949.- 2.004.774 quilos, con 7.801.453'30 pesetas.

Ano de 1950.- 2.130.766 quilos, con 7.893.305'82 pesetas.

E ano de 1951.- 2.056.348 quilos, con 7.012.892'25 pesetas.

Polo que se mira que este porto é escaso, o máis importante da ría no que a sardiñas se refire. E hai que ter en conta a persistente escaseza de pesca que se vén sufrindo dende fai varios anos, especialmente desa especie, da que a captura é insignificante. Non é de desprezar a pesca de liña tal como o polbo, robaliza, etc., que se exportan en grandes cantidades e que constitúen unha ringleira digna de terse en conta na vida económica do Municipio.

FRONTE Ó FUTURO

É cara o mar, que acaricia ou azouta o noso porto, cara onde se dirixe o esforzo duns homes tenaces na busca do sustento e o dos seus familiares, que a agricultura non pode proporcionar. Debemos orientar os nosos afáns ó incremento de industrias, especialmente relacionadas coa pesca, se queremos que este pobo, especialmente mariñeiro, atope o camiño do seu engrandecemento.

SAN MARTIN E SAN ROQUE EN BUEU

FAI MENOS DUN SÉCULO, BUEU UN MUNICIPIO AILLADO

A ÚNICA SAÍDA FÁCIL ERA O MAR NON ESTÁN CLARAS AS ORIXES HISTÓRICAS PEGADAS GREGAS NA TOPONIMIA E ROMANAS NA ARQUEOLOXÍA.

Mil setecentos dous edificios, edificacións habitadas, 247 deshabitadas e 26 barracas ou chozas, acollían fai cincuenta anos ás oito mil setecentas oitenta e sete persoas, que constituían a poboación de dereito de Bueu. Poboación que -todo hai que decilo- non se incrementou coa velocidade que os abundantes recursos naturais de Bueu prometían naquel entón e prometen aínda agora. A emigración -grande, aínda que non hai datos moi concretos- tivo bastante que ver co asunto.

Existían no municipio dous campos de deportes, un na parroquia de Bueu e outro na de Beluso, nos que, se temos que crer nos cronistas da época “frecuentemente celebrábanse partidos de fútbol”. Un salón en Beluso -que se chamaba nada menos que Guerra- cubría as necesidades teatrais dos habitantes da comarca. O comercio e a industria tiñan xa por aquel entón certa importancia. Tendas de comestibles, toldos, ferretería, mercería, carnicerías ata un total dalgunhas corenta, cantidade case que igualada por un comercio que segue mantendo un importante auxe, o de bodegóns e tabernas, dos que existen uns trinta e cinco para aplacar a sede dos veciños.

No capítulo da industria -case exclusivamente conserveira, xa naquel entón- podían anotarse dezaseis de varios tipos, tres de salazón, tres de conserva e unha de gaseosas. O municipio contaba tamén con cinco muíños, desaparecidos hoxe na maior parte.

As atencións sanitarias estaban cubertas por un farmacéutico, e catro médicos. Os barbeiros, ferreiros, follalateiros, zapateiros, panadeiros e oficios afíns, abundaban na lóxica correspondencia coa forte actividade comercial e alto índice de mecanización das industrias do municipio.

AS ORIXES

Ir máis atrás e buscar nas orixes de Bueu é traballo comprometido. Historiadores de principio de século insistiron, baseándose fundamentalmente na toponimia -no carácter grego das primeiras formacións da poboación na península do Morrazo. É unha hipótese sen máis valor da que moi poucos se preocuparon de confirmar ou desmentir. Si está probada en cambio, a presenza romana, a través de numerosas moedas e machadas de bronce achadas en Ons. Practicamente aillado durante varios séculos, o municipio foi invadido -tantas praias abertas ó mar- repetidas



O pazo de Santa Cruz, unha das reliquias medievais que se conservan no termo municipal de Bueu. Construído en 1671 polo licenciado don Fernando de la Rúa y Freire, abade-párroco da vila, pertenceu sucesivamente ós Rúa e os Pimentel.

veces ó longo da súa historia. Como consecuencia as igrexas e as casas nobres edificáronse non na costa senón nos cumes dos montes, ese é o caso do Casal, dos construídos no 1466, o castelo de Santa Cruz que data do 1671, e a vivenda solariega do Castrelo.

Existían vixías que coidaban de avisar a proximidade das invasións nos altos dos montes de Udra, Vela, en Beluso, a Esculca en Cela e Liboreiro en Bueu. Por medio de sinais comunicábanse co monte Facho e a punta de Donón, en Hío, desde onde se dominaba as illas de Ons, portas de entrada as rías de Aldán e Pontevedra.

FIN DO AILLAMENTO

No último tercio do século XIX, comezou Bueu a saír do seu aillamento histórico. Ata entón tan só había un camiño -antiga estrada Real- de comunicación con Pontevedra, de acceso bastante accidentado. Respecto a Cangas, a situación era aínda máis difícil, o único camiño (por chamarlle dalgún xeito) para chegar ata a vila desde Bueu constituíanlo inhóspitas vieiros ou, para os máis animosos o percorrido dos montes campo a través. Non é estraño pois, que os habitantes de Bueu, acabaran familiarizándose coa única saída que se lles presentaba fácil, o mar. Que se conviriu dende entón, na súa principal fonte de ingresos comunitarios.

CHEGAN OS CATALÁNS

Alguén terá que facer algún día historia da influencia catalana no Morrazo. Para ese posible libro quixera eu apuntar aquí un par de breves capítulos. que se inician coa chegada do primeiro industrial de Cataluña a Bueu no histórico ano de 1808. Domenech monta nesa época a primeira fábrica de salazón na praia de Beluso. Non era sen embargo, unha pioneira, salvo na industrialización a certa escala; antes outros paisanos con barretina fixeran os primeiros ensaios da preparación da sardiña en casetas de madeira. Isto troxo consigo unha modificación nas artes de pesca e unha nacente exportación -nos buques de vela do momento- ata os portos do Mediterráneo.

Tras Domenech, Pla, Agulla e outros estableceron en Bueu fábricas simellantes que, nalgúns casos, ata eran roubadas por contrabandistas. Todo isto, segundo o cronista da época, retrasou o desenrolo industrial deste pobo.

A apertura definitiva das vías de comunicación, a finais do século XIX, foi a pedra de toque para a incorporación de Bueu ó “Modus vivendi” socioeconómico da comarca. Puxéronse entón as bases industriais da vila, as fábricas de conservas Massó e Alonso, que aínda existen; as de Prieto e o italiano Gagero.

...UNHA CERTA PROSPERIDADE.

Así, no 1930, os escritores da época definían a Bueu como “unha fermosa e moderna vila, cruzada de rúas, con bo comercio e industria, teléfono e telégrafo, mercado diario e unha feira mensual que acaba de establecerse nos días 20, lonxa de contratación de peixe, empresas de automóviles de aluguer e vehículos de arrastre”.

No inventario dos bens da comunidade inclúese tamén un Casino, varias Boticas e casas de hóspedes e alumeado público e privado, así como Axudantía de Mariña e postos de carabineiros e Garda Civil. Existían, xa tres escolas nacionais, o mesmo número excluindo centros recoñecidos, dos que hai hoxe.

A.V.L.

El Pueblo Gallego do 8-11-1975 páx. 24

* * *

SAN MARTIÑO DE BUEU

Por Xosé Manuel Cerviño Meira

Os avatares da historia a miúdo repercuten na estruturación do territorio alterándoo, formando ou eliminando lindeiros. No caso do Morrazo, estas alteracións trasládannos do antigo *conventus bracarense* (con capitalidade na portuguesa Braga) á eixida norteña da antiga *Gallaecia* como consecuencia dos movementos migratorios e "recolonizadores" orixinados pola chegada dos musulmáns á Iberia.

Contextualizando un pouco máis a situación, cabe sinalar ós séculos VIII e IX como o momento de reafirmación do espazo galego, a través da confirmación dos dereitos señoriais sobre o territorio; dereitos, por outra banda, ligados a distintas institucións eclesiásticas como poderían ser a S.A.M.I. de Santiago de Compostela ou á monástica orde benedictina e que desenrolaron un papel decisivo na estruturación do Bueu que se iniciou naqueles tempos. Será pois, na colección diplomática destas institucións donde atoparemos información encol da orixe da advocación a San Martiño no actual territorio de Bueu.

Sinalada en primeiro lugar, os tombos da catedral de Santiago fan referencia a nuemrosas doazóns reais á igrexa compostelana, aparecendo prontamente referencias para nos relevantes. É así que o 6 de xuño do ano 899 o rei Afonso III e a súa dona faranlle entrega á nacente igrexa dunha serie de bens entre os que se atopa a illa de Ons. O relevante deste feito reside na inclusión dunha igrexa existente na illa con advocación a San Martiño, sendo este o primeiro culto recoñecido no noso concello ó seu patrón, acaso relacionado cun dos múltiples eremitorios existentes nas illas galegas.

En segundo lugar referíase máis arriba unha influenciación da orde benedictina exercida desde lugares como: o mosteiro supostamente benedictino de Ermelo, o convento de San Xoán de Poio (a raíña Urraca teríalle feito entrega da igrexa de Beluso) e, principalmente, desde Celanova. E apúntase Celanova porque o 27 de febreiro do 938 a viúva do conde Gutier Menéndez, na memoria do seu defunto home, decide doarlle a este mosteiro a metade da "villae" de Bueu, entendida como unha unidade agrícola composta de distintos casais e equivalente a unha aldea actual composta de varios lugares.

Tras esta doazón, un período de obscuridade histórica cífese sobre o noso pobo, despezándose no s. XIII co recoñecemento da existencia da ferigresía de S. Martiño de Bueu. Acontecía o ano 1246, cumprindo agora exactamente setecentos cincuenta anos. A partir deste dato as múltiples testemuñas repítense unha e outra vez no mesmo sentido, confirmando a documentación anterior.



Procesión de San Martiño - Bueu

O aspecto haxiográfico quizais sexa o máis coñecido do noso patrón. Morto hai mil seiscentos anos (o Papa Xoán Paulo II ten declarado aberto o 21 de setembro o ano martiniano), recálcase unha e outra vez o seu carácter protector dos camiñantes, da guerra e da fame, do viño e o gando, subliñando as súas extremas caridade e modestia dentro dun conxunto de vida exemplar sobresaíndo, para os galegos, de tódolos seus feitos, o milagre polo cal se extirpou a lepra do reino suevo, adicándoselle por tal motivo numerosas igrexas ó longo e ancho do noso país.

Etnográficamente, S. Martiño preséntase como o patrón do rural, polo que a súa festa é a dunha exaltación deste universo. No día de hoxe, o magosto queda aberto a canto recuncho de Galicia o poida celebrar, sen embargo esta era unha tradición reservada tempo atrás ás aldeas do interior. Na Galicia costeira esta festa da fartura tiña outras facetas: acompañada do propio "veranillo" do santo era o tempo de abilla-lo viño despois de ter fervido no barril ("polo San Martiño, atesta o teu viño" ou "polo San Martiño, deixa a auga e bebe viño"); os tratantes de Carballiño, Dacón e Arcos comercian co 'polbo' curado; pero, principalmente, era o tempo do "escochado" da sardiña coa que se había pasa-lo inverno, estando a abundancia deste peixe relacionada co poder adquisitivo das xentes, sendo un favor de S. Martiño a existencia dunha fartura nos peiraos.

Tamén, como non, o tempo da matanza do porco tiña un oco nestas datas ("a todo porco lle chega o seu S. Martiño"), formándose colas ante a de Massó esperando mercar unha saca de sal, empregado para meter o porco no dorneiro.

Culinariamente, o patrón gozaba tradicionalmente dun menú hoxe totalmente desaparecido dos nosos manteis: un marisco da ría era continuado cun carneiro asado (sustituído posteriormente por un galo) e rematado por un postre de papas de arroz.

Pero a modernidade fíxonos perder aquilo que era máis noso. Cando menos aínda nos queda o "*polo S. Martiño, trompos ó camiño*".